



17 MAIO 0000

Dia das

Letras Galegas

C  
O  
L  
E  
X  
I  
O  
  
P  
U  
B  
L  
I  
C  
O  
  
D  
E  
  
B  
E  
L  
L  
U  
S  
O

# Saúdo

A mañá noviña vaise casar  
cun vento aventureiro  
que ven da banda do mar.

¡ Ai, que galán o vento aventureiro !.

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Como "a mañá noviña vaise casar" está de fresco o noso "FIADEIRO" que unha vez mais, nervudo, coma "vento aventureiro", vai saír para o casamento. E sae, no "Dia das Letras Galegas" de don Aquilino ca fondura dos cen anos do nacemento de Daniel Castelao, como celestial música de fondo.

A redacción, enteira, non esquece o pasado. Reviveo no presente da laboura continua. E, así, con traballíño, como ten que ser, voltamos ó mundo da información. Da pequena información dos nosos anos vivindo co Aquilino e o Daniel fieles ó noso tempo. Coma co tempo anda "Novos Ventos" na súa derradeira obra para a Historia. Coma o señor Manolo e os seus rapaces, nós tamén facemos "música en conserva" na nosa cinta de palabras que, como eles, non vai leva-lo vento "que ven da banda do mar".

Deica logo e ..., que vos preste.

## AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO: DATAS DUNHA VIDA

Mónica Piñeiro Fiel 7º A

Nace na aldea de Seivane, na parroquia de San Xoan de Vilarente, no municipio lucense de Abadín, o 10 de xunio de 1909. Estudiu varios anos no Seminario de Mondoñedo. Exerceu a insinanza no colexio Leon XIII de Vilagarcía, do que foi director desde o ano 1935 ata p ano 1940.

na Universidade de Santiago  
obtivo unha cátedra de ~~Latín~~  
sempeñou as súas funcións  
Pontevedra e Santiago. Foi  
Colaborador do do "Institu  
mestre na Universidade.  
xullo do ano 1961.



Estudou Filosofía e Letras  
go. En 1949 obtivo por  
Latín, e, dende entón, de-  
nos institutos de Lugo,  
membro da Academia Galega  
to Padre Sarmiento" e  
Morre en Santiago o 29 de

os seus primeiros versos  
meiro premio literario.  
meiros poemas xuvenís no  
no ano 1930. No 1933 apa-  
Parou de escribir uns cantos  
en Buenos Aires o seu úni-

Polo ano 1925 escribe  
En 1927 obtén o seu pri-  
Recóllense os seus pri-  
libro "Señardá", publicado  
rece "Corazón ao vento"  
anos ata que en 1941 publica  
co libro en castelán "Contra el ángel y la noche".

Aquilino faise coa tradición poética dos grandes autores do século XIX e do primeiro tercio de XX. Incorpora ás súas obras a xeografía virxiliana. O longo dos anos 1950-1960 alterna a enseñanza coa recollida lexico-gráfica; obtén varios premios literarios pero, por dificultades das edicións non publica un novo libro ata 1960. No libro ~~de~~ "De día a día" recolle poemas desde os anos da preguerra ata 1955. Da obra "Lanza de soledad" en 1961, volve ás estruturas que utilizaba antes, para expr sa-lo silencio o dor e a soedade. Antes da súa morte publica "Nenias". Escribeu tamén contos ós grandes poetas como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, etc.

Aquilino tamén se caracteriza polas súas magníficas traducións dos clásicos latinos.

Fixo ensaio, crítica e un diccionario da Lingua Griega. Colaborou con moitísimos artigos nas páxinas da Literatura dos xornais e revistas peninsulares e extranxeiras.

Publica ensaios sobre a saúde. Escribeu o pensamento linguístico do Padre Sarmiento e enfrentouse cos problemas da nosa terra e da nosa lingua. Pero a súa máxima aportación polo galego quedou concretado en miles de papeis do seu diccionario con notas históricas, etimolóxicas, etc.

Mónica Piñeiro.

Nace en Cabo da Vila (Rianxo) o 29 de xaneiro de 1886. Fillo de Mariano e Xoaquina Traballa, o seu pai, de mariñeiro e veleiro.

De natureza enfermiza, cursa os seus estudos primarios en Rianxo onde empeza a dibuxar barcos e pescadores. O Daniel, e a súa nai, son chamados polo seu pai e marchan para a Pampa Arxentina onde toma contacto coa revista "Caras e Caretas" de caricaturas.

O redor do ano 1900 a familia regresa a Rianxo onde o Daniel empeza os seus estudos medios e máis clases de debuxo. Estudia medicina na facultade compostelana.

Cerca do ano 1905 fai as primeiras acuarelas coloristas coa súa firma. Os seus compañeiros de tertulia veno xa como un caricaturista persoal e humorista gráfico.

Polo ano 1908 remata os seus estudos de medicina. Colabora desde o primeiro número de "Galicia Moza" (Vilagarcía) e "Vida Galega" (Vigo). Nesta última ma alcanzan celebridade as súas primeiras historietas.

Consigue unha medalla co trip como ilustrador en "El cuento semanal", album de caricaturas descoñecido ata 1976. Con algúns colegas planea publicalo "El Barbero Municipal"

Decora con "O cego de Padrenda o Hotel Calixto (Cambados)

Non lle interesa a profesión

Colabora en "Mi Tierra",

No ano 1912 incorpórase ó da Terra" de Pontevedra.

Apoiado polo seu amigo An

a primeira produción artística onde predomina a acuarela. Gracias ós seus amigos Alfredo Vincenti e Basilio Alvarez escóménzase a abri-la porta do éxito.

Incorpórase a "Liga Agraria" de Acción Galega chegando a ser unha importante figura.

O 19 de outubro casa con Virxinia Pereira da Estrada.

Colabora en "El gran Bufón" semanario humorístico de Madrid. Empeza un traballo en "La Voz de Galicia" pero o interrompe por problemas na vista.

Colabora en "El Parlamento" novo xornal madrileño. Trasládase a Madrid onde se fai funcionario por oposición no corpo de Estadística ó mesmo tempo que se fai colaborador na "Ilustración Española" e americana e "La Esfera".

A finais de 1916 ingresa en "Irmandades da fala", deste xeito queda metido no movemento nacionalista galego do que non se apartaría ata o fin da súa vida.

Publica catro caricaturas no "Ideal Galego" e colabora graficamente en "A Nosa Terra"

En 1919 da unha conferencia sobre arte e galeguismo que se publica en "A Nosa Terra"

Anima como director artístico a nova revista "NOS" onde publica "Do meu diario".

O periódico "Galicia" convírtese na prosa máis intelectual do país.

Ingresa no Seminario de Estudos Galegos.

Colabora no "Faro de Vigo" onde publica caricaturas de gran calidade. Colabora, tamén,



HOMENAXE A  
CASTELÃO

NO CENTENARIO DO SEU  
NACEMENTO/1886-1986

de médico

revista crítica.

conxunto coral e instrumental "Aires

tonio Rey Soto realiza en Ourense

É nomeado numerario da Real Academia Galega.

Siguen os seus problemas visuales polo que ten que facer un silencio no traballo. Recupérase e empeza a preocuparse da política. Encabeza a candidatura galeguista por Pontevedra nas eleccións a Cortes da 2ª República. É a estrela indiscutible do partido recibindo en Lugo a homenaxe meirande da súa vida pública.

No ano 1934 pronuncia un discurso na Real Academia Galega sobre "As cruces de pedra na Galiza". Sufre o primeiro desterro a Badajoz pola campaña anti Lerrux.

No 1935 varias figuras intelectuales fanlle un acto de desagravio polo desterro. É o candidato máis votado do Frente Popular en Pontevedra.

1936, a Guerra Civil alcanza en Madrid. Ponse ó servizo da República. Dibuja as estampas de "Galicia Mártir", primeiro dos tres álbums que darán a volta ó mundo. A derrota o colle en América con moitas dificultades cos cartos.

Colabora en "Nova Galicia" pero a cegueira volve a facer aparición.

Trasládase a Buenos Aires e alí preside os últimos meses do partido galeguista.

Ano 1941, estrena en Buenos Aires "Os vellos non deben de namorarse" pero non ten éxito.

O seu pensamento político dende a Guerra Civil refléxase na obra "Sempre en Galiza".


O final da Guerra Mundial vincula Castelao ó nacionalismo galeguista co goberno vasco. Así colabora en "Galeuzca" nacida dos pactos vasco e catalán.

Viaxa a México, centro do exilio republicano de onde virá a París.

Finalmente regresa a Buenos Aires aqueixado de grave enfermidade, cancro de pulmón, que o levará á tumba o 7 de xaneiro de 1950.

Foi enterrado en Chacarita no cemiterio que o Centro Galego ten alí. No ano 1984 os seus restos foron trasladados a Galicia onde reposan na actualidade.

Inés Feijoo Siota.



- Que ganas teño de retirarme da política! ...

" O R A P A Z Q U E V I V I A N A C I D A D E D O S  
V E L L O S "

Francisco Javier Mesa Tarrío.

Había unha vez un rapaz que vivía nunha cidade onde só había vellos excepto el.

Un día o rapaz viu un vello que choraba na porta da súa casa e preguntoulle por que choraba, que lle pegara o seu pai por xogar ás bolas na casa e por chegar tarde a comer. Entón el, mais asombrado que nunca, preguntoulle si aínda vivía o seu pai.

- Vive i é mais forte ca un boi.

O rapaz seguía adiante e chegou a un campo de fútbol e os vellos xogaban. Ó lado había unha pista de tenis e tamén xogaban alí.

" A G A L I Ñ A L O L A "

Marcos González Graña

Un rapaz tiña unha galiña chamada Lola.

Lola era unha galiña mansa as plumas eran de cor vermello. Pero había unha cousa mais graciosa que nada, a galiña sabía cantar. Xunto unha casa do pobo, había un circo, e o dono do circo recibiu a noticia e foi á casa do neno.

Falou cos pais e a nai do rapaz dixo que si, o neno choraba.

E cando a víu marchar gritou: Adeus, adeus.

Pasada a semán fixeron a primeira actuación da galiña, era extraordinario ver como cantaba a todos divertíalle, menos a un rapaz que era amigo do amo de Lola pero tíñalle celos.

E por iso ó rematar a función intentou mata-la galiña dunha pedrada, pero era lista e escapou, o rapaz furioso foi detrás dela, ata que chegaron á casa do amo e empezaron a pelexar os dous nenos ata que ganou Pepe, o amo da galiña Lola.

E os dous puxéronse moi felices, tamén os pais do Pepe estaban moi contentos.



S E C U E S T R A D O S N O E S P A C I O

✂ Pablo Jacobo Durán García ✂

Un día fixemos unha nave. Ó día seguinte encendimo-los motores e nos fomos ó espacio. Aterrizamos nun planeta moi extraño, de súpeto apareceu un señor moi raro. Deunos unha cousa para durmir. Cando espertamos; estabamos nunha habitación con moitos extraterrestres, despois collimos unha botella do que fai durmir e botámoslla ós extraterrestres. Collimo-la nave e viñemos para a terra. Meu amigo Lolo e eu salvámonos e aquí estamos.



O HOME MAIS PEQUENO DO MUNDO

Juan José Comesaña Martínez -

Era un home moi pequeno que tiña moitos anos. Un día foi de paseo e atopou unha casa, entrou nela e pensou que debía estar abandonada. Dalí a un pouco oíu un ruído, foi a mirar e viu un can que estaba ladrando, despois foise e seguiu co seu paseo.

Logo de andar un pouco, viu unha árbore e foise durmir, soñara que no seu paseo encontrara unha nave espacial e montara nela, entón a nave despegara e aterrizara nun planeta, e salíu e entón, unha man tocáralle; e espertou e coma xa era noite foise.



" N A N A "

Ramiro Agulla Menduiña

!Ai! a lúa de Liboreiro  
que ten a cara de peido .  
!Ai! a lúa de Liboreiro  
que ten a cara de peido.  
Que manchada ten a cara  
ninguén pode limpiala.  
Durme, neno, durme  
neno que ahí ven a lúa  
de Liboreiro.




" T R A B A L I N G U A S "

Nuria Dacosta Rodal

Se o teu gusto gustara que gusta o meu gusto os dous seríamos do mesmo gusto pero como o teu gusto non gusta do gusto que gusta o meu gusto os dous non somos do mesmo gusto.

- O tren -



Era unha vez unha máquina sin vagons porque llos quitaran. A probe i vella máquina estaba enoxada. Preguntoulle ó xefe da estación:

- Pepe, dame os meus vagons.

- Non, porque es vella e non serves para nada.

A probe máquina púxose a chorar porque ninguén a quería; ata un día viñérona buscar para leva-la pro parque. Alí xa tiña con quen xogar e por fin volveu a rir.

# Meu amigo

O caso real que vou contarvos non sei si o soñei, si mo contaron ou si nun futuro non moi lontano, alá polo ano 1650, sucederá de verdade. E este caso i esta historia xirán ó redor dun personxe central, cujos datos non os sei, que non ten nome, que vive en ningunha parte, nun país que non existe, na gratísima compañía de ninguén. El é feliz, moi feliz, pero nin él mesmo s'oubou nunca nin chegará a saber xamáis. El é o meu amigo, o meu mellor amigo, levámonos moi ben, entroutas cousas porque nin él atreveríase a molestarme, nin eu poderíalle facer mal, anque fora involuntariamente, xa que non nos coñecemos nin sabemos un do outro.

O meu amigo fala co vento e o vento cóntalle todas, todas as tódalas cousas, as súas aventuras, sucedidas ó longo de moitísimos anos, sucedidas en tódolos recunbos do mundo que él percorre.

Fálalle da flor que quixo converterse en abella para poder degustar o seu propio néctar. Fálalle daquel día triste no que o sol atopábase moi canso por culpa dunhas décimas de quentura. Fálalle dos paxaros que, por se negar a aprender a falar, algún deus castigounos a cantar maravillosamente. Fálalle da area que, ávida de viaxar, cólase nos petos do vento e deste xeito fai longas e maravillosas excursións. Fálalle dun neno que quixo ser maior e dun bello que deixaba voltar a ser neno. Fálalle das árbores, das pedras, dos montes, das ledicias, da dor, da riqueza, da luz, porque o vento, viaxeiro infatigable, coñece a todos e todos coñecen a él.

Enfeitizado coas aventuras que o vento lle conta, o meu amigo, un bo día, entráronlle uns desexos de viaxar. Foise acabalo dos días percorrendo as paisaxes do mundo, deténdose para descansar na ledicia dos tristes e, de cando en vez, na friaxe da primavera. Prometeume que viría visitarme. Mentras tanto, desepero e espero a súa chegada para poder coñecer ó meu amigo e que meu amigo me coñeza a min.

Segue...

Cando chegue ese momento, chamárame polo seu nome, i eu saberéi que o meu amigo váise. E o meu amigo e máis eu nunca chegaremos a nos coñecer.

Xosé M. -Profesor.

### CONTO

Eran unha vez dous xitanos moi probes i atoparon un camión. Collérono i marcharon á feira. Paseando pola feira, miraron un porco moi fermoso, entón mangárono.

Metérono no coche i foron a Pontevedra a vendelo. Ian nunha reta i miraron uns policíaas. Pararon o coche e colleron o porco para diante. Disfrazárono de neno i arrancaron. Chegaron xunto ós policíaas i estos paráronos. Preguntoulle un policía:

\_¿Deme o seu carnet de identidade.

O xitano dille:

\_É que este Home quere leva-lo fillo ó médico, que está moi enfermo.

Os policíaas deixáronos pasar i un policía dille ó outro:

\_ Mirache que cara de porco tiña o do medio.

Pablo Ferreira -4º B.

### .-LABREGOS DE GALICIA-..

Os labregos de Galicia,  
xente boa e con coraxe,  
traballando toda a vida  
e non teñen para un traxe.

Labregiños, labreguiños  
non fai falla traballar  
que pouco que nos temos,  
hábeunos de arreglar.

Por moito se lles diga,  
"é en van", "é en van"  
non se lles obriga,  
a deixa-lo seu afán.

Os labregos de Galicia  
xa non fan máis que loitar;  
presidente do goberno,  
hai que saber respetar.

Esa xente que se ía  
polo mundo a traballar  
agora chegou o IVE  
a avabalos de aparbar.

O ochentaséis ahí  
e no mercado común entramos  
e xa se oñen rumores  
de que vendidos estamos.

Conchita Vidal

# Refranes

- Abriga ben o pelexo si queres chegar a vello.
- A bos ocios malos negocios.
- A cada un o seu gusto parecelle o mellor do mundo.
- Lémbrate nora de que algún día serás ~~noga~~ noga.
- Auga fría e pan quente matan á xente.
- Ó demo e á muller nunca lles falta que facer.
- Ledicias e pesares viranche sin as buscares.
- Do que nunca bebe viño non te fíes nin un pouquiño.
- Noivo atrevido, da noiva máis querido.
- Amar é tempo perdido si non é correspondido.
- Alcaide nin de valde.
- A muller e o ladrón quítalle a ocasión.
- A ocasión fai o home ladrón.
- Máis doctores, máis dolores.
- Amigo de todos, amigo de ninguén.
- Amar de mullere halago de can, non darán si non lles dan.
- A ninguén dirás canto tes, donde o tes, nin a donde pensas ir.
- Antes de decir 2 coxo é 2 mírate ti os pes.
- A quen debas contestar, non percures amolar.
- A quen contes os teus segredos, farase o teu dono.
- A quen moito ten, máis lle ven.
- A quen te enganou unha vez, nunca máis has de crer.
- Bastante me axuda, quen non me amola.
- Co castigo, o bon faise mellor e o malo faise peor.
- Cando o diñeiro fala, todos calan.
- Contas craras, amizade longa.
- Do ollar nace o amar, e de non ollar o olvidar.
- Da muller que é nai, ninguén fale mal.
- O home cásase cando quere, e a muller cando pode.
- Envidia, nin tela, nin temela.
- Bandullo con fame, non escoita a ninguén.
- Gaña ó que che quere mal, e un amigo terás.
- Facendo e desfacendo vaise adeprendendo.
- Fai ti o que ben che digo e deixa o que mal fago.
- Os fillos da miña filla, todos meus netiños son; os fillos da miña nora, seica si, seica non.

- A muller corre diante dos ratos e detrás dos homes,
- As mulleres onde están sobran e onde non están fan falta.
- Logo que o teu pan comín, esquecinme de ti.
- Máis vale burro vivo que sabio morto.
- Quen moito enfeixa, pouco ata.
- Pouca terra e ben esterçada, vale pola moita mal traballada.
- O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.
- Nin casa á beira do río, nin viña ó pe do camiño.
- O que ten besta e anda a pe, máis besta el é.
- Quen moito corre, axiña para.
- O medo garda á viña.
- O que ten fillo ó lado, non rabea co bocado.
- Mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos
- Á cabalo regalado non lle mire-lo dente.
- En maio aínda a vella queima o tallo.
- O río cando vai cheo, leva carballos e follas; tamén podía levar ás linguas murmuradoras.
- Desgraciados dos que serven e probes dos que servimos, que, anque moito traballamos, sempre dirán que durmimos.
- Se por maizocanta a ra en maio calará.
- Pola Santa Mariña, deixa a sachá e colle a fouciña.
- Maio turbio e San Xan craro, fan un ano moi temperado.
- Muller que asubía e galiña que canta coma un capón, na miña casa, non.
- Cando a galiña pica ó gaño, malo, malo.

Nenas e nenos de 4ºB

### C H I S T E S

Unha muller que guiaba o seu coche saiu da rúa e levou por diante dúas farolas e un buzón. Disculpouse desta maneira: ía á casa do óptico a recoller os lentes.

Un axente de seguros, despois de empregar as súas mañas para convencer a un cliente, consegue facerlle a póliza.

- Pode vostede decir que é un home afortunado, di o cliente, pois eu non me deixo convencer con facilidade. Debe saber que entón onte e hoxe, non recibín a once axentes que viñan coa mesma intención que vostede.

- Iso seino ben eu- respondeulle o axente- é a doceava vez que veño.

"Ainda non se pensou en abastecer de auga a Beluso"

ENTREVISTA O SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO, DON MANUEL FREIRE LINO. DENTRO DA NOSA CAMPAÑA DE LIMPIEZA E SANEAMENTO.

A todo o longo do mes estivemos a facer unha campaña de limpeza no colexio e mais no noso entorno. Interesábanos coñecer a opinión do alcalde do concello para coñecer os proxectos que na materia tiñan e teñen no axuntamento. Con toda a amabilidade atendeunos don Manuel Freire Lino.

- ¿De que medios dispón o concello para a limpeza do municipio?.

R. - Dispón dun camión que fai a recollida diaria de Bueu e mais do rural. Logo a traslada á vertedeiro de sólidos. Os medios humanos, barrendeiros cos seus equipos de escobas, carretas, etc.

P. - ¿Está prevista a distribución polas distintas parroquias e lugares de contenedores e a súa recollida?.

R. - Si, comprouse unha furgoneta e contenedores o que vai facer que se amplie mais a recollida. A furgoneta axúdanos a chegar a sitios de difícil acceso.

P. - ¿Non cree que debera modificarse o sistema de vertedeiro?.

R. - Si. É un dos lugares conflictivos porque ninguén os quere perto e temer que ter coidado de non contaminar ou destrozarllos. É difícil de encontrar. O que temos vai chegar ó límite e no futuro hai que buscar outro. Tería que ser un lugar onde cada certo tempo fose enchendo e queimando .... Non é fácil dar con él. Tamén hai outras maneiras de facer os vertedeiros sólidos pero non é rentable para un concello pequeno.

P. ¿Non cree que se gasta moi pouco en campañas de prevención sendo importante a axuda cidadán?.

R. - É elemental mentalizar á xente, sobre todo no verán. Non houbo moitos problemas. Publícanse bandos pero é mellor non lle insistir moito á xente porque podería haber síntomas negativos. O turismo non afecta moito.

P. - ¿Por que o servizo de recollida non chega a todos os lugares de Beluso?.

R. - É difícil pola xente e a falla dos camiós. O 50% afectalle a recollida mentres que ó outro 50 ten que pagar obrigatoriamente aínda que non esté habitado. Vaise ampliar. O coste é baixo o que beneficia á xente.

P. - ¿Vemos que en Bueu, soamente hai un lugar de contenedores, na porta do mercado. ¿É o lugar adecuado?.

R. - Non. Non é o mellor lugar pois no senso estético é pouco agradable pero é onde se producen mais desperdicios. Quizais fose mellor poñer o contenedor na parte traseira pero para efectuar a recollida teríamos graves problemas, xa que os camiós non chegan ata aquí.

P. - Por que non se amplía o presuposto para o servizo?.

R. Non estamos por baixo dos demais axuntamentos. Deberíamos ampliarlo adquirindo outro camión en vez de dous ou catro barrendeiros pero ...

P. - ¿Existen servicios de vigilancia para os que verten clandestinamente a basura?..

R. - Non temos nada concreto. Non existen pero se hai algunha denuncia quen se encarga é a Policia Municipal. As multas son arredor das 5000 pts..

P. - ¿Non se ten previsto eliminar as zarzas que sobresalen nos arcéns das carreteras?.

R. - Estamos a tratar en algunhas ocasións estos temas, pero non temos previsto nada.

P. - O sistema de alcantarillado de Bueu e mailo de Beluso, cando o teña, ¿verte ó mar?.

R. - Si.

P. - ¿Hai algún plan para montar depuradoras de augas residuais?.

R. - Si, algo hai.

P. - Vaise facer limpeza de praias?.

R. - Si. Tódolos anos, ó comenzo do verán a Diputación, que dispón de maquinaria, e mais o axuntamento fan ese traballo. Ademais contribuímos con contenedores, carteis informativos. Por exemplo o de que non se leven cans ás praias.

P. - Está pensado o abastecer Beluso de auga potable?.

R. - De momento aínda non.

P. - E, para deixalo xa coas súas cousas, ¿en que podía colaborar connosco na nosa campaña?.

R. - Pois, mandándovos papeleiras e facendo a recollida diaria do lixo. Tamén mandándovos a unha persoa que vos de unha charla.

Pola nosa banda xa non lle damos mais lata coas nosas lerias. Serviunos de moito para conocer moito mellor o traballo que os nosos representantes teñen a cotío co asunto da recollida e tratamento de tanta porcallada coma a que se recolle cada día.

Só nos queda o agradecer ó Señor Freire Lino a súa atención para connosco e quedar á espera de que todos os cidadáns nos boten unha manciña. Gracias

ESPERANZA BOUVETA NOVAS

MARGARITA GRAIÑO ALVARO

MOISES GARCIA PORTO

CARLOS MANUEL MENDEZ HERMESTO

8º nivel.

# Lembranzas

Agora chega o momento das lembranzas, aínda que lembrarse de algo pareza fácil, para nós non o é, pois as lembranzas, no noso caso, fannos adoptar unha actitude de melancolía.

Nós lembrámonos perfectamente dos nosos pasados anos neste colexio que, a pesares de que pode habelos mellores, creemos que non podería haber ningún que funcione tan ben coma o noso, por iso nós acabamos por tomarlle agarimo, tanto o colexio coma ós mestres que sempre trataron de axudarnos e darnos bos consellos.


Nós sabemos que hai moitos alumnos que ansían chegar ó último curso, a 8º, para írense do colexio; nós tamén o desexá-bamos pero agora o que desexamos é que non pase o tempo porque a soia idea de irnos do noso colexio para non voltar nunca máis a empezar de novo, sinceramente, asústanos.

¿Sentirán o mesmo os mestres que, despois de estar varios anos dando clases aquí por algún motivo teñen que marcharse? Este ano vaise o mestre Durán que tanto traballou por este periódico e polos festivais; seguro que se despide cun sorriso por non facelo cunha bágoa. E iso mesmo ocúrrenos a nós, os alumnos de octavo.

Despedida ¡qué mal soa esa palabra! e o seu significado non se pode dicir que é agradable. Decididamente é unha palabra que encerra misterio e esperanza á vez. Esperanza...¿de qué? A esperanza é como a flor do deserto; brota da terra cando as condicións son favorables, florece pouco tempo e despois desaparece en pó.

Nós non podemos te-la esperanza ou ilusión de volver co-  
menzar. O único que podemos facer é lembrarnos.

Araceli Martínez Duarte. 8º Nivel



# Deportes

Os días 9, 10, 11 de maio celebrouse no Estadio da Xuventude de Pontevedra a fase final de fútbol-cadetes entre os campeos das catro provincias galegas. O Colexio P. de Beluso, que se proclamou campeón provincial, foi o que representou a Pontevedra. Dase a circunstancia de que foi o único colexio de E.X.B., xa que os outros tres representantes eran de B.U.P.

Os resultados foron os seguintes:

Día 9		Clasificación
Pontevedra, 2	Coruña 2	
Orense, 3	Lugo, 5	
Día 10		1º Coruña, 5 puntos
Pontevedra, 2	Orense, 4	2º Lugo, 4 "
Lugo, 4	Coruña, 5	3º Orense, 2 "
Día 11		4º Pontevedra, 1 "
Pontevedra, 4	Lugo, 5	
Orense, 2	Coruña, 3	

COMPONENTES: Caiño, Reboiras, Frank, Leal, Pablo, Andrés, Evaristo, Juancho.

Entren. Luis P.

CROS BELUSO-86

Relación dos primeiros clasificados por categorías:

## PARVULOS MASC.

- 1º Juan Carlos - Beluso.
- 2º Carlos García - "
- 3º Jorge R. - "

## PARVULOS FEM.

- 1ª Susi García - Beluso
- 2ª Rosi Davila - "
- 3ª Ma. José P. - "

## M I N I B E N J A M I N E S

### MASC.

- 1º Marcos C. - Beluso
- 2º Suso F. - "
- 3º José F. Rey - "

### FEMEN.

- 1ª Marisol Porto - Beluso
- 2ª Cristina Otero - "
- 3ª Cristina Caballero - "

## BENJAMINES

### MASC.

- 1º Jorge Rosales - Coiro
- 2º Jorge Amado - S. Narciso
- 3º Julio Pereira - Cela

### FEMEN.

- 1ª Rosa Pereira - Beluso
- 2ª Martina Blanco - "
- 3ª Agudé Blanco - Reibón

## ALEVINES

### MASC.

- 1º Lucas Alvarez - Aldán
- 2º Alberto Peroiro - Reibón
- 3º Leandro Santomé - Aldán

### FEMEN.

- 1ª Sarai Santiago - Reibón
- 2ª Ma. Mar Costa - Reibón
- 3ª Marina del Río - Reibón

## INFANTILES

### MASC.

1º Tomás Caamaño -Coiro  
 2º Agustín Casqueiro-Coiro  
 3º Daniel Santomé -Aldán

### FEMEN.

1ª Colomba López -Reibón  
 2ª Carmen Mateos -Reibón  
 3ª Loreto Costa -Reibón

## CADETES

### MASC.

1º Ramón Pardo -Náutica  
 2º Raimundo Novas -S.Narciso  
 3º Javier Novas -Darbo

### FEMEN.

1ª Evangelina Meira -Reibón  
 2ª Cristina Caíño -Reibón  
 3ª Mª José Pérez -Beluso

## CLASIFICACION POR COLEGIOS

1º Reibón	120 puntos	8º Cela	15 puntos
2º Coiro	54 "	9º Bueu	13 "
3º Beluso	52 "	Club Balonmano Bueu	13 "
4º Aldán	45 "	11º Tirán	10 "
5º Darbo	44 "	12º Seara	2 "
6º San Narciso	36 "	13º Virgen Milagrosa	
7º Náutica de Bueu	19 "		

### Nota aclaratoria:

Para chegar á final do fútbol-cadete os compoñentes do equipo do Colexio de Beluso xogaron os seguinte partidos:

Monteporreiro -1

C.P. Beluso -6

Partido xogado en Darbo

C.P. Florida (Sanxenso)-1

C.P. Beluso -6

Partido xogado no Pabellón de Deportes de Pontevedra

Pereiro-Castrelos(Vigo)-1

C.P. Beluso -2

Partido xogado no Estadio da Xuventude de Pontevedra

!!QUE SE REPITAN OS EXITOS !!

*Rumores*

...Corren rumores de que este ano os temporaís virán misturados con  
lexía e romperán os cristais para limpia-las clases.

...Corren rumores de que os nenos do colexia cambearon o dito de:

" Hay mucha tela marinera" por o de: " hay mucha tela de araña.

... Corren rumores de que óver que non se estudiaba matemáticas, ade-  
mais de practicar as propiedades conmutativa e asociativa, púxese en  
práctica a propiedade copiativa.

...Corren rumores de o Freire vai vender o cabalo e mercar uns patins.

...Corren rumores de que os de octavo van rifar a D. Pedro e a D. Luis

para sacar mais diñeiro para a excursión coa esperanza de que apareza  
o gañador.

...Corren rumores de que D. Servilio atopou as pelotas do ciclo medio.

...Corren rumores de que Martín abandona ~~sexto~~ para emprender unha ex-  
pedición a Antártida e darlle uso o seu zamarrón .

...Corren rumores de que Da Consuelo, despois do seu viaxe a Túnez,  
concertou matrimonio co secretario do Gadafhi.

...Corren rumores de que este ano con tanta chuvia Moisés vai a medrar.

...Corren rumores de que os xogadores do Barcelona van ser utilizados  
como petardos nas festas de Corpus.

...Corren rumores de que os rapaces da 2ª etapa van traer as sabas da  
cama para enxugar as bágoas do Sr. Durán.

... Corren rumores de que Caíño e Xavier van representar unha escea  
do Quixote.

...Corren rumores de que nas clases van a poñer micrófonos para susti-  
tuir os berros do Sr. Durán.


...Corren rumores de que o Barcelona vai a fichar a D. Luis como en-  
treñador.

... Corren rumores de que o R. Madrid vaille facer unha homenaxe a  
Freire porque soña que é xogador da plantilla.

...Corren rumores de que Alvaro L. e Cía. van a ir para o próximo ano  
ó festival de Eurovisión.

... Corrían rumores de que esta vez non ían a saír rumores.

RUMORES \_\_\_\_\_ RUMORES \_\_\_\_\_ RUMORES \_\_\_\_\_ RUMORES



→ Din que nen hai rias máis boritas que as mosas.  
 → Pero xa non teñen paíes.

→ si me tocase a mina compraba pan...



→ ¿E pra que son os deputados  
 → Eu non o sei mell fillo



→ ¿E se fases moza, gostarías andar de  
 señorita?  
 → As pobres non podemos andar tan eleganas.